



Resolución da Dirección Territorial da Coruña da Consellería do Mar, pola que se outorga a posibilidade para optar á modalidade do recurso específico solénidos a unha embarcación ao abeiro do Plan de xestión para o recurso específico Solénidos, modalidade mergullo en apnea da Confraría de Pescadores de Palmeira.

Antecedentes

1. A Orde do 19 de decembro de 2024 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2025-2027 (DOG núm. 251, de 31.12.2024).

De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión para o recurso específico Solénidos (PE410 2024/57-1), modalidade mergullo en apnea da Confraría de Pescadores de Palmeira (en adiante plan de xestión), estableceuse un número máximo de participantes de 5 embarcacións con 10 mergulladores habilitados con dereito a cota para o citado trienio, indicándose no plan de xestión un número máximo de 2 mergulladores por embarcación.

Na actualidade o número de embarcacións con solénidos no permiso de explotación autorizadas para participar no plan é de catro (4) embarcacións con 7 cotas, quedando pendente de cubrir unha (1) embarcación e 3 cotas.

2. O 14.02.2025 (Rexistro de Entrada nº 2025/414396) a confraría de Palmeira solicitou cubrir as prazas vacantes.

3. O 02-04-2025 este departamento territorial ditou a resolución pola que se convocou o proceso selectivo para outorgar a modalidade de solénidos a unha (1) embarcación para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión para o recurso específico solénidos, no ámbito da Confraría de Pescadores de Palmeira.

O outorgamento será cunha única asignación posible de dúas (2) cotas de captura por embarcación ao obxecto de establecer tripulacións mínimas de seguridade.

4. O 30.04.2025 esta dirección territorial ditou a resolución pola que se publicou a relación das embarcacións admitidas no proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de solénidos ao abeiro do Plan de xestión para o recurso específico Solénidos, modalidade mergullo en apnea, da Confraría de Pescadores de Palmeira.

Consideracións legais e técnicas





1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia determina nos seus artigos 26 a 30, o procedemento para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación.
2. Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo o número de embarcacións participantes admitidas (1) é igual ao número de prazas convocadas (1) polo que non foi necesario valorala de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.
3. Este departamento territorial é o órgano competente para o outorgamento da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións de conformidade co establecido no artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior, este departamento territorial

RESOLVE:

1. Outorgar a posibilidade, de acordo co Anexo I, para optar á modalidade do recurso específico solénidos cunha única asignación posible de dúas (2) cotas de captura, ao obxecto de establecer tripulacións mínimas de seguridade para persoas mergulladoras habilitadas no permiso de explotación, á embarcación e persoa armadora que se indica a continuación:

C.F.P.O.	EMBARCACIÓN	MATRICULA E FOLIO	TITULARES DO PERMISO DE EXPLOTACIÓN
53302	TORRE	3ª VILL-3-9854	ALBERTO GROSSI DOPICO

2. A obtención da modalidade e adxudicación final do número de cotas á embarcación, dependerá das persoas que teña enroladas á vista do rol de despachos da embarcación coa dotación da tripulación enrolada nela e das certificacións profesionais. Dita solicitude terá en conta o número máximo de tripulantes que a embarcación pode enrolar (Certificado de conformidade).

Ademais, de acordo co disposto na Resolución do 18 de maio de 2020 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se modifica a Resolución de 4 de maio de 2016 pola que se aproba o baremo, o outorgamento da modalidade de recursos específicos





realizarase entre persoas armadoras solicitantes asociadas á entidade titular do plan de xestión.

Lémbrese que, en todo caso para o exercicio da actividade, cumprírase coas normas de seguridade para o mergullo de extracción de recursos mariños vivos (Real Decreto 550/2020, de 2 de xuño, polo que se determinan as condicións de seguridade das actividades de mergullo).

Para a comprobación do indicado nos parágrafos anteriores, a persoa armadora da embarcación seleccionada disporá dun prazo de quince (15) días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da presente resolución para presentar a seguinte documentación:

- Rol de despachos actualizado da embarcación coa dotación de tripulación enrolada nela.
- Certificacións profesionais que correspondan ás persoas tripulantes enroladas, agás no suposto de autorización expresa por parte das persoas tripulantes á Consellería do Mar para a consulta das certificacións profesionais expedidas pola Consellería do Mar. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo X da Orde do 30 de decembro de 2015.
- Certificación da confraría de pescadores, titular do plan de xestión, respecto da pertenza da persoa armadora como asociada á entidade para a que se outorga a modalidade. Non será necesario en caso de autorización á Consellería do Mar par a súa consulta.

De acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro e a Orde do 30 de decembro de 2015, as embarcacións seleccionadas que presentasen a documentación dentro do prazo establecido deberán cumprir ademais cos seguintes requisitos para a obtención da modalidade no permiso de explotación e das cotas asignadas:

- Ter menos de cinco artes ou modalidades no permiso de explotación da embarcación. No caso de ter cinco, deberá xustificarse a renuncia a unha delas.
- Non ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento.
- A persoa armadora da embarcación non poderá ser titular dun permiso de explotación a pé para recursos específicos, debendo renunciar a este no momento da obtención da modalidade.

Á embarcación seleccionada expediráselle o novo permiso de explotación onde quedará reflectida a modalidade e o número de cotas asignadas.

O artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas obra ás persoas xurídicas a relacionarse a través de medio electrónicos coas administracións públicas e o artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, establece a obrigatoriedade para as persoas traballadoras autónomas de relacionarse a través de medios electrónicos no ámbito do





sector público autonómico para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional.

Polo tanto, a documentación indicada, deberán presentarse por vía electrónica a través do formulario normalizado de achega de documentación adicional dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), dentro do procedemento aberto PE401L. Para a presentación da documentación será necesario o Documento Nacional de Identidade electrónico (DNle) ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Se dentro do prazo fixado a persoa seleccionada non presentase a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 1.2 da convocatoria, entenderase que desiste da súa solicitude. Neste caso, emitirase unha nova resolución modificando esta, declarando vacantes as prazas convocadas, pola desistencia da persoa armadora que non presentou a documentación ou carece dos requisitos.

A presente resolución publicarase na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e tamén se exporá no taboleiro de anuncios do departamento territorial de A Coruña, no taboleiro de anuncios da Xefatura Comarcal de Ribeira da Consellería do Mar e no da Confraría de Pescadores de Palmeira

Contra esta resolución, que non pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Conselleiro do Mar no prazo dun (1) mes, que se contará a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Esta resolución notifícaselle á Confraría de Pescadores de Palmeira, como entidade do plan de xestión, consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A directora territorial
María José Cancelo Baquero

Por ausencia (Resolución 13 de maio de 2024)
O xefe de Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro
Miguel Gómez Losada
(asinado dixitalmente)



ANEXO I:

Listaxe de embarcacións admitidas no proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de solénidos para unha (1) embarcación ao abeiro do Plan de xestión para o recurso específico solénidos, modalidade mergullo en apnea, da Confraría de Pescadores de Palmeira.

Embarcacións admitidas									
Confraría	Embarcación	Matricula e folio	Experiencia profesional da persoa armadora B.1	Habitualidade da actividade pesqueira B.2	Antigüidade da embarcación B.3	Nº artes B.4	Formación da persoa armadora B.5	Ter mulleres enroladas B.6	Total
PALMEIRA	TORRE	VILL-3-9854	---	---	---	---	---	---	---

Os epígrafes de cada columna son: (de acordo co apartado B do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro)

- **TOTAL puntos:** puntos acadados en total.
- **B.1: Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación.**
A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.
 - **Ter sido titular dun permiso de explotación a pé para recursos específicos** nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: **1,5 puntos por ano completo.** Non se terá en conta este aspecto cando a perda do permiso de explotación fose como consecuencia de sanción en materia de protección dos recursos mariños ou incumprimento das prescricións ou requisitos establecidos no plan de xestión.
 - **Ter estado enrolado/a como mergullador/a en embarcacións que contan coa modalidade** do recurso específico de que se trate no seu permiso de explotación nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: **0,13 puntos/mes completo** sempre que a embarcación rexistrase actividade pesqueira e vendas para esa modalidade. Non se computará o período de tempo en que a persoa armadora estivese en situación de incapacidade temporal
- **B.2: Habitualidade da actividade pesqueira.** A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.
 - **Vendas na lonxa ou centro de venda autorizado da embarcación.** Cando nos dous anos anteriores á data da convocatoria, o volume de vendas da embarcación teña un importe superior ao salario mínimo interprofesional para cada tripulante: **2 puntos**
Para os efectos de computar as vendas descontaranse só os períodos de tempo en que a embarcación estivo inactiva por causa de forza maior, e cando a/as persoa/s solicitante/s non fosen armadora/s da embarcación (segundo o permiso de explotación).
Para o cálculo do salario mínimo interprofesional terase en conta a información relativa ás vendas en lonxa ou centro de venda autorizado que conste en poder da consellería, así como o rol de despachos e dotación.
 - **Período de actividade da embarcación (rexistro da actividade pesqueira)**
Cando nos dous anos anteriores á convocatoria a embarcación rexistrase actividade pesqueira e teña asociadas vendas en lonxa ou centro de venda autorizado:
 - a) Por un período superior a 18 meses: 1 punto.
 - b) Por un período comprendido entre 6 e 18 meses: 0,5 puntos.
 - c) Por un período inferior a 6 meses: 0 puntos.
 Non se terá en conta o período de tempo en que a/as persoa/s solicitante/s non fosen armadora/s da embarcación (segundo o permiso de explotación).
- **B.3: Antigüidade da embarcación nun porto base incluído no ámbito territorial das/s entidade/s titulares do plan de xestión.**
Cando a embarcación teña un porto base incluído no ámbito territorial da entidade titular do plan de xestión durante un período de 2 anos anteriores, inmediatamente



anteriores, á data da convocatoria, e sempre que durante todo este tempo as persoas solicitantes fosen armadoras da embarcación: **3 puntos**.

- **B.4: Número de artes ou modalidades incluídas no permiso de explotación da embarcación na data da convocatoria:**
 - 1 arte/modalidade: 3 puntos.
 - 2 artes/modalidades: 2 puntos.
 - 3 artes/modalidades: 1 punto.
 - 4 artes/modalidades: 0,5 puntos
- **B.5: Formación da persoa armadora da embarcación. A puntuación máxima total que poderá obter nesta epígrafe é de 3 puntos.**
- **Actividades de formación (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas).**

Valoraranse as actividades que foron recoñecidas como mérito para acceder ás modalidades de recursos específicos e que figuran inscritas no catálogo de actividades formativas aprobado por Resolución do 30.09.2024 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro na data da convocatoria.

Non se computarán as seguintes titulacións ou certificados profesionais: mariñeiro pescador, formación básica, certificado de mariscador/a, certificado de percebeiro/a e certificado para a extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo.

Cando unha actividade formativa teña varios niveis, só computará aquela que permita acadar a maior puntuación.

- **Titulación académica.**

- Graduado/a en ESO ou equivalente: 0,15 puntos.
- Bacharel ou equivalente: 0,25 puntos.
- Diplomatura universitaria ou equivalente: 0,35 puntos.
- Licenciatura universitaria ou equivalente: 0,5 puntos.

Só se valorará a titulación académica superior. Para os efectos de equivalencia de titulación, só se admitirán as establecidas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Ademais, engadirase 1 punto máis á valoración obtida na titulación académica cando a persoa solicitante posúa algunha titulación profesional regulada de acuicultura ou náutico-pesqueira, así como a formación non regulada, de patrón de pesca local, patrón costeiro polivalente e capitán de pesca.

- **B.6: Ter persoas enroladas do xénero feminino. A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 2 puntos.**

Por ter enroladas persoas de xénero feminino na embarcación nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,1 puntos/mes completo, sempre que a embarcación rexistrase actividade pesqueira e vendas.

Non se computará o período de tempo en que a persoa estivese en situación de incapacidade temporal.

A directora territorial. P.A. (Resolución do 13 de maio de 2024) O xefe do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro

